

Carmen del Río Rodríguez, Secretaria Accidental do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 29 de decembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"5.- CONTRATO ADMINISTRATIVO DE "SERVIZOS ENERXÉTICOS PARA O ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE CARBALLO" APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE CUSTOS DA ACTIVIDADE. (CIFEC DE 22/12/2025)"

O Presidente da sesión dou conta do ditame favorable da Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas de 22/12/2025, punto 5 da orde do día, cuxa parte expositiva se transcribe:

"ANTECEDENTES

1.- *Este concello mediante informe proposta do concelleiro delegado de Servizos, Medio Ambiente, Praias e Protección Civil do día 05/09/2025, iniciou o procedemento para elaborar a documentación preparatoria para a tramitación do expediente de contratación dos Servizos enerxéticos para o alumado público do concello de Carballo. Para a correcta preparación do prego de prescricións técnicas e a análise da viabilidade económico-financieira do contrato, resulta necesario contar cunha visión clara da estrutura de custos habitual no sector dos servizos enerxéticos (ESEs). Este futuro contrato superará os 5 millóns de euros e incluírá unha cláusula de revisión de prezos.*

2.- *Cursáronse consultas a cinco operadores do sector para que presentaran as estruturas de custos a través da sede electrónica do Concello de Carballo:*

- ACCIONA ESCO SL
- OHL SERVICIOS INGESAN SA
- ACEINSA SALAMANCA SA
- FERROVIAL ENERGÍA SA
- SERVEO SERVICIOS SA

Tódolos operadores consultados formularon a súa resposta.

Os resultados das consultas formuladas figuran como anexos a proposta de estrutura de custes que será obxecto de aprobación.

3.- *A proposta de estrutura de custes do servizo a elaborou a consultora PROECO INGENIERÍA SL, asinada electronicamente en data 16/12/2025 por Jorge Ferreiros Lama e presentado no Rexistro electrónico do Concello de Carballo en data 16/12/2025 (R.E. núm. 202599900008310).*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

As normas correspondentes á revisión de prezos nos contratos públicos da vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, adáptanse xa ao disposto na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, de maneira que a revisión de prezos non se fai con índices xerais, senón en función de índices específicos, que operarán a través de fórmulas que reflectan os compoñentes de custo da prestación contratada.

O artigo 103 da LCSP, que regula a revisión de prezos, ademais de adaptarse á mencionada Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, reproduce no seu conxunto o disposto no R.D. 55/2017, ao que expresamente se remite o seu apartado 2 nos seguintes termos:

"Prevía xustificación no expediente e de conformidade co previsto no Real Decreto ao que se refiren os artigos 4 e 5 da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, a revisión periódica e predeterminada de prezos só se poderá levar a cabo nos contratos de obra, nos contratos de subministracións

de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas, nos contratos de subministración de enerxía e naqueles outros contratos nos que o período de recuperación do investimento sexa igual ou superior a cinco anos. Este período calcularase conforme ao disposto no Real Decreto anteriormente citado."

Consonte o artigo 9 do R.D. 55/2017, relativo a revisión periódica e predeterminada de prezos nos contratos do sector público diferentes ao de obra e de subministración de fabricación, no apartado 7, determina que "Para los contratos con un precio igual o superior a cinco millones de euros, el órgano de contratación incluirá en el expediente de contratación un informe preceptivo valorativo de la estructura de costes, emitido por el Comité Superior de Precios de Contratos del Estado.

A tales efectos, el órgano de contratación deberá:

- a) Solicitar a cinco operadores económicos del sector la remisión de su estructura de costes.
- b) Elaborar una propuesta de estructura de costes de la actividad. Para ello utilizará, siempre que sea posible, la información de las respuestas que reciba de los operadores económicos mencionados en la letra anterior.
- c) Someter su propuesta de estructura de costes a un trámite de información pública por un plazo de 20 días. En caso de que se presenten alegaciones en dicho trámite, el órgano de contratación deberá valorar su aceptación o rechazo de forma motivada en la memoria.

En el caso de los contratos de concesión de obra pública, el órgano de contratación podrá optar por incluir este trámite de información como parte del previsto en el apartado 3 del artículo 128 del texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de noviembre.

- d) Remitir su propuesta de estructura de costes al Comité Superior de Precios de Contratos del Estado.

El Comité Superior de Precios de Contratos del Estado deberá evacuar el informe preceptivo en un plazo no superior a veinte días, a contar desde el día siguiente a la recepción de la propuesta de estructura de costes mencionada en la letra d) anterior. En caso de que el Comité considere que la información remitida no es suficiente o requiera alguna aclaración, podrá solicitar al órgano proponente información adicional. Este requerimiento suspenderá el plazo de evacuación del informe en tanto no haya respuesta del órgano de contratación.

En el caso de las Comunidades Autónomas y de las Entidades Locales, así como de los organismos y entidades de ellas dependientes, este informe podrá ser recabado del órgano autonómico consultivo en materia de contratación pública, si existiera. En caso contrario, deberá ser recabado del Comité Superior de Precios de Contratos del Estado.

En todo caso, el órgano de contratación deberá comunicar a efectos informativos al Comité Superior de Precios de Contratos del Estado y, en su caso, al órgano autonómico consultivo correspondiente, la estructura de costes incluida en el pliego.

En consecuencia con esta normativa:

- a. A procedencia da revisión de prezos debe xustificarse no expediente de contratación.
- b. O órgano de contratación debe establecer a fórmula de revisión de prezos aplicable, que se determinará en función da natureza do contrato e da estrutura e evolución dos custos da actividade que constitúe o seu obxecto. Se existe unha fórmula tipo aprobada polo Consello de Ministros deberá establecerse a devandita fórmula necesariamente.
- c. A fórmula de revisión de prezos non poderá modificarse durante a vixencia do contrato.
- d. A fórmula de revisión de prezos establecida aplicase en cada data periódica determinada respecto á data de adxudicación do contrato, se esta ten lugar no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de proposicións, ou respecto á data en que remate o devandito prazo de tres meses se a adxudicación é posterior.
- e. A fórmula de revisión de prezos só poderá aplicarse cando se execute polo menos o 20 por 100 do importe do contrato e transcorra un ano dende a súa formalización, salvo no caso de contratos de xestión de servizos públicos, aos que só se aplica este segundo requisito. (Recentemente, modificouse o réxime xeral da revisión periódica e predeterminada de prezos prevista na LCSP, polo que o artigo 9.2 do RD 55/2017 debe adaptarse as previsións do disposto no artigo 103.5 da LCSP, que reduce de dous anos a un ano, o periodo de cadencia para a revisión de prezos).

- f. *Só serán revisables os custos asociados á actividade obxecto do contrato que sexan indispensables para a súa realización (é indispensable un custo cando a actividade non se pode realizar de xeito correcto e conforme ás obrigas asumidas polo contratista sen incorrer no devandito custo), que sexan significativos (é significativo o custo que representa polo menos o 1 por 100 de valor íntegro da actividade), e que non estean sometidos ao control do contratista (non o están cando se puidesen eludir a través de prácticas como o cambio de subministrador).*
- g. *Non serán revisables os custos asociados ás amortizacións, os custos financeiros, os gastos xerais ou de estrutura, nin o beneficio industrial.*
- h. *Os custos de man de obra só serán revisables cun límite taxativo: o incremento repercutible destes custos non poderá ser superior ao incremento experimentado pola retribución do persoal ao servizo do sector público, conforme ás Leis de Presupostos Xerais do Estado.*

En canto aos contratos que non sexan obras ou de subministro de consumo ou de equipamento das administracións públicas:

- a. *Se existe unha fórmula tipo aprobada polo Consello de Ministros para a revisión contractual, esta deberá recollerse nos pregos do contrato. En tal caso, só deberá xustificarse na memoria que acompañe ao expediente de contratación cal é o período de recuperación da inversión do contrato.*
- b. *Se non existe unha fórmula tipo aprobada polo Consello de Ministros, o órgano de contratación deberá establecer unha fórmula "ad hoc" nos pregos do contrato, con suxeición aos requisitos seguintes:*
 - *Na memoria que acompañe ao expediente de contratación deberán xustificar o carácter recorrente da variación dos distintos custos tidos en conta na fórmula de revisión, o cumprimento das normas e principios establecidos nos artigos 3 a 7 do RDDEE, o período de recuperación da inversión do contrato, e que os índices elixidos son aqueles que, coa maior desagregación posible de entre os dispoñibles ao público, mellor reflicten a evolución dos custos susceptibles de revisión.*
 - *Os pregos do contrato deberán especificar:*
 - a) *Cada un, por separado, dos compoñentes de custo da actividade obxecto do contrato, e a ponderación de cada un deles sobre o prezo do contrato.*
 - b) *Os prezos individuais ou índices de prezos específicos asociados a cada compoñente de custo susceptible de revisión.*
 - c) *O mecanismo de incentivo de eficiencia, se é o caso, considerado no artigo 7 do RDDEE.*
 - *O órgano de contratación deberá xustificar ademais o cumprimento do principio de eficiencia e boa xestión empresarial ao que se refire o artigo 4 do RDDEE, do seguinte modo:*

Dado que o prezo do contrato é igual ou superior a cinco millóns de euros no presente caso, é preciso incluír no expediente de contratación un informe preceptivo do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado (ou do órgano consultivo autonómico en materia de contratación pública), que deberá pronunciarse sobre a proposta de estrutura de custos elaborada previamente polo órgano de contratación e sometida a información pública.

Para tales efectos, o órgano de contratación deberá:

- i. *Solicitar a cinco operadores económicos do sector a remisión da súa estrutura de custos.*
- ii. *Elaborar unha proposta de estrutura de custos da actividade. Para iso utilizará, sempre que sexa posible, a información das respostas que reciba dos operadores económicos mencionados na letra anterior.*
- iii. *Someter a súa proposta de estrutura de custos a un trámite de información pública por un prazo de 20 días. En caso de que se presenten alegacións no devandito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria.*
- iv. *Remitir a súa proposta de estrutura de custos ao Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado, ou neste caso á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia. O obxecto deste informe é valorar a estrutura de custos da actividade a contratar, servindo esta como base para establecer o*

réxime de revisión de prezos a aplicar no seu caso, de conformidade cos principios de referenciación a custos e de eficiencia e boa xestión empresarial. Por tanto, o alcance deste informe non soamente virá dado pola análise da propia estrutura de custos, senón tamén da análise da concorrência das condicións para que proceda a revisión de prezos”.

De seguido, ábrese a quenda de intervencións.

Unha vez debatido, sometese o ditame a votación.

O Pleno do concello, con 13 votos a favor (BNG) e 8 abstencións (6 do PP e 2 do PsdGPSOE), acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta de estrutura de custos da actividade do servizo denominado “SERVIZOS ENERXÉTICOS PARA O ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE CARBALLO” (SER 62/2025) elaborada con data 16/12/2025 pola consultora Proeco Ingeniería SL, e presentada no Rexistro electrónico do Concello de Carballo en data 16/12/2025 (R.E. núm. 202599900008310).

Segundo.- Someter a proposta de estrutura de custos da actividade a un trámite de información pública por un prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio no taboleiro edictal do órgano e anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na Plataforma de Contratación do Sector Público. No caso de que se presenten alegacións no devandito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria.

Terceiro.- Remitir a proposta de estrutura de custos a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.
O alcalde